




O cotián pola casca amarga

Si menges una llimona sense fer ganyotes · Sergi Pàmies · Quaderns Crema. 2006 · 143 páx. · 10 euros

O último libro de Sergi Pàmies arrandéase nas (supostas) listas de máis vendidos da literatura catalá e, non o perdan, concita os praces da crítica. No metro, a vara de medir máis fiable da lectura popular urbana, súmase ao salpicón de *best-sellers*, eses libros teimudos que recuncan unha viaxe e mais outra en mans dispares (Sánchez Piñol, Dan Brown, Ildefonso Falcones, Lisa See...). Nas librarías comparte andeis con Lolita Bosch, que alimenta a parroquia seareira, un mermado Ferran Torrent (son os efectos colaterais de certos premios), e aínda cun intocable Emili Teixidor (cranio imponente, por certo), a falta dun Quim Monzó co que medirse entre iguais. Comparte tamén o andel das novidades co 3x3 galego deste outono: Suso de Toro, Teresa Moure e Manuel Rivas en catalán, español e galego. No medio de tanta novela, este libríño miúdo de vinte contos e un título inusual e longo, xa algo adianta do autor. Sergi Pàmies é un escritor singular, fóra de modas, que domina o oficio da sorpresa, o humor que renuncia ao gag, a mirada orixinal e o gusto polo reto, por contar coma quen corre os cen metros, con intensidade, sen perder unha soa palabra.

«Se comes un limón sen facer un aceno, cúmprenseche os teus desexos» foi a frase de partida, Calvino mediante (xa saben, *Se unha noite de inverno...*). Pàmies sitúase nas experiencias da vida adulta e os temores non confesos que moven as rutinas adquiridas. Os personaxes son homes anó-

nimos que aprenderon a botar ao lombo as amarguras vitais e carrexan as obrigas con naturalidade e resignación: a morte como único agasallo do finado realmente apreciado polos seus seres queridos, a imposibilidade da transcendencia e da emoción intensa, a paternidade como rito compulsivo e práctica de socialización obrigada, o desexo erótico fanado polo cálculo de expectativas, o escritor incapaz de escribir a novela que maxina... Unha saqueta poderosamente humana na que se disecciona ao home corrente de mediana idade que claudicou á supervivencia supostamente responsable, que é, en realidade, a existencia rutinaria, a ausencia de desexo e un medo que atordoa. A existencia sen aditivos nunha escrita sen colorantes. Porque Pàmies nunca cae na tentación do tráxico nin da prédica ética, non cultiva a sublimación lírica nin o humor de evasión. E no medio deses retallos nos que calquera se recoñece, sorprende un conto sobre unha pinga de auga, profundamente humano. A pinga, por un intre, pensa logo existe, e o conto convértese nunha peza extraordinaria que, a tempo detido, disecciona coa frialdade das leis da física o sentido da vida.

Pàmies é un observador sen equivalentes. Como comentarista de actualidade ou de fútbol, caracterízase por unha aguda lóxica do absurdo que produce risa e urticaria. Como narrador, disecciona o home moderno mostrando as súas rutinas e convencións coa contundencia do conto en cru. O cotián escrito polo revés da dulce vida, polo humor de casca amarga.

// **Helena González**